


No presente documento atoparás os pasos que tes que seguir para **descargar e visualizar os expedientes xudiciais** nos que esteas como unha das partes parte comparecida.

A. PETICIÓN DE DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO:


Para solicitar a descarga do expediente xudicial electrónico segues os seguintes pasos:

1. A través do **"A Miña sede (Cidadanía)"** ou **"A miña sede (Profesionais)"** da Sede Xudicial Electrónica.




2. Accedes á carpeta **"Os meus expedientes"** cidadanía ou **"Expedientes"** profesionais. Localizado o expediente, premes sobre a icona coa frecha de descarga do procedemento cuxa descarga queiras solicitar.

Cidadanía:



Profesionais



3. Introduces o correo electrónico e premes **"Solicitar descarga"**.

Solicitud de descarga do procedemento

Datos do procedemento

Órgano xudicial Sección Única do Tribunal de Instancia de Ribeira. Praza Nº1

Procedemento Monitorio 0000051/2025

NIX 15073 41 1 2025 0000056


Enderezo electrónico para recibir o aviso cando a descarga se atope dispoñible

email@email.com

CANCELAR **SOLICITAR DESCARGA**

B. NOTIFICACIÓN DE FIN DA DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL:

Finalizada a descarga do expediente, recibirás un **correo electrónico** informando que tes á túa disposición o procedemento para a súa descarga xunto co numero de días dispoñibles. Transcorrido dito período o ficheiro non poderá ser descargado.



C. DESCARGA DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO:

Recibido o correo electrónico, accedes novamente á Sede Xudicial Electrónica para descargar o expediente xudicial, seguindo estes pasos:

1. A través de "As miñas descargas" cidadanía ou "Descargas" profesionais, accedes a "Descargas dispoñibles" -> "Expediente Xudicial".

Cidadanía:




Profesionais




2. Cobres os campos para localizar o expediente en cuestión e premes "Buscar". Localizado o expediente premes na icona ⬇️


Cidadanía:



Profesionais





3. Finalmente, descargarase o expediente xudicial electrónico no equipo.



D. VISUALIZADOR DO EXPEDIENTE XUDICIAL

Poderás consultar os documentos de forma individual no cartafol **documentos** ou visualizar o expediente nunha **interface intuitiva que permite ver os datos do procedemento, dos intervenientes e acceder á documentación**.

Para abrir o visualizador tes que descomprimir o arquivo .ZIP e posteriormente premer no índice que atoparás no cartafol.



E. REQUISITOS PARA PODER UTILIZAR

Para poder utilizar esta funcionalidade debes cumprir cos seguintes requisitos no teu navegador:

- Ter habilitado o uso de **javascript**. Se non o tes podes obtelo nesta dirección: <https://support.google.com/adsense/answer/12654?hf=es/ZZZZ>
- **Recoméndase** o uso de **Google Chrome**. Se o teu navegador é Internet Explorer, pedirásche que habilites a execución de **scripts** e/o controis Active X.